

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE XUÑO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e sete de xuño de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Acordo, se procede, sobre periodicidade das sesións plenarias.

Dáse conta da proposta de celebrar un pleno ordinario todos os meses, os penúltimos xoves do mes, ás 20:30 ou 21:00 horas

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

2º.- Acordo, se procede, sobre creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.

Dáse conta da proposta de crear as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas.
- Comisión Informativa de Urbanismo e Plans.
- Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

Dáse conta así mesmo da composición das citadas Comisións Informativas: 1 membro de cada grupo político, sendo o Presidente de todas elas o Sr. Alcalde, don Carlos Martínez Carrillo, quedando formadas do seguinte xeito:

--*Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas*: Dona M^a. Jesús Piñeiro Caldelas (PP); Don Jorge Cerdeira Louro (PSdeG-PSOE); don José Antonio Pose Rodríguez (BNG) e don José Alvela Edreira (TEGA)

--*Comisión Informativa de Urbanismo e Plans*: Don Manuel Costa Carneiro (PP); don Odón C. Cobas García (PSdeG-PSOE); don José Antonio Pose Rodríguez (BNG) e don José Alvela Edreira (TEGA)

--*Comisión Informativa de Asuntos Xerais*: Don Rogelio Lema Mougán (PSdeG-PSOE); Dona Lucía González Louro (PSdeG-PSOE)); don José Antonio Pose Rodríguez (BNG) e don José Alvela Edreira (TEGA)

Polo que respecta ao sistema de funcionamento das mesmas poderán actuar como suplentes calquera dos demais membros do mesmo grupo, e o sistema de votación será maioritario pero cada voceiro de grupo representará tantos votos como número de concelleiros de grupo.

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes.

3º.- Réxime de dedicacións

Proponse a dedicación exclusiva do Alcalde-Presidente, D. Carlos Martínez Carrillo, e da 4ª Tenente de Alcalde dona María Jesús Piñeiro Caldelas, coas retribucións fixadas no Orzamento Municipal vixente para o exercicio 2011.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE manifesta que quere facer tres puntualizacións ao respecto: en primeiro lugar que non existan máis de dez xornadas de traballo por mes de cada concelleiro, en coherencia coa postura defendida polo PP no ano 2007, ao mesmo tempo que se dilixencie un libro no que quede recollido o traballo e dedicación de cada concelleiro en relación coa xornadas de cada mes, e por último e en canto ao comentario efectuado polo voceiro do PP na pasada reunión da Xunta de Voceiros da posibilidade de crear unha terceira dedicación, vendo a cantidade de traballo que se manexa no concello , recorda o manifestado no ano 2007 polo concelleiro que hoxe preside o pleno, en canto a que dúas dedicacións exclusivas para este concello son máis que suficientes, e mais significaría que as persoas que están ao fronte do concello non fan unha boa xestión.

Por último solicítalle ao representante de TEGA a mesma coherencia que a adoptada no ano 2007 á hora de defender as dedicacións exclusivas que naquel momento se formularon.

O Sr. Alvela de TEGA vaise abster, coincidindo co exposto pola voceira do PSdeG-PSOE de tratar con sumo coidado as horas de dedicación dos concelleiros, porque todo o que dixo é certo. Polo que respecta á súa postura neste tema naquel pleno do 2007 quedouse só na votación, sendo o único que votou en contra, en coherencia co seu postulado político, e non porque tivese nada en contra dalgún concelleiro do PSdeG-PSOE , e co tempo non lle trouxo nada bo, polo tanto nesta ocasión vaise abster porque volvería a quedar só na votación.

Intervén a Presidencia e manifesta que en canto ás xornadas de traballo dos concelleiros que debe ser así e que en ningún momento lle pasou pola cabeza crear unha terceira dedicación.

O Pleno con 7 votos a favor do PP e BNG e 6 abstencións do PSdeG-PSOE e TEGA acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de xuño do ano que andamos, que di o seguinte:

“En virtude do disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 35, 46, 52, 53, e 113 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVÍN:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros/concelleiras:

D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE

D. ROGELIO LEMA MOUGÁN

D^a. M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

SEGUNDO.- Do presente decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Notificándose ademais aos designados e publicándose no BOP, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura do presente decreto.”

O Pleno dáse por enterado.

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de xuño do ano que andamos, que di o seguinte:

Nomeada a Xunta de Goberno Local por decreto desta mesma data, correspóndelle ao Sr. Alcalde designar aos Tenentes de Alcalde de entre os membros da citada Xunta.

De conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, no artigo 62 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 41.3, 46 a 48, e 54 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVÍN:

PRIMEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros/concelleiras:

D. MANUEL COSTA CARNEIRO

D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE

D. ROGELIO LEMA MOUGÁN

D^a. M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

SEGUNDO.- Correspóndelle aos nomeados na orde designada substituírme nas miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade, impedimento ou vacante.

O Pleno dáse por enterado.

4.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de xuño do ano que andamos, que di o seguinte:

“Logo de constituída a nova corporación municipal en sesión plenaria celebrada o once de xuño, como consecuencia das pasadas Eleccións Municipais celebradas o 22 de maio, de conformidade co establecido no artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 43 e seguintes do R.D. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

RESOLVÍN:

PRIMEIRO.- Efectuar as seguintes delegacións respecto dos servizos municipais que se indican a favor dos Sres. Concelleiros/Concelleiras

<i>Educación; Emprego e Formación; Turismo</i>	D. Manuel Costa Carneiro
<i>Medio Ambiente e Medio Rural</i>	D ^a . Margarita Devesa Cardelle
<i>Sanidade e Servizos Sociais</i>	D. Rogelio Lema Mougán
<i>Infraestruturas e Servizos; Economía, Facenda e Patrimonio; Muller e Igualdade</i>	D ^a . M ^a . Jesús Piñeiro Caldelas
<i>Cultura e Xuventude</i>	D. Enrique Vázquez Martínez

SEGUNDO.- As delegacións efectuadas abarcarán a xestión ordinaria dos correspondentes servizos, con exclusión da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.- Notificarlle aos designados a presente resolución aos efectos da súa aceptación.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da presente resolución.

QUINTO.- As citadas delegacións serán efectivas dende o día seguinte a data da presente resolución.”

O Pleno dáse por enterado.

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de xuño do ano que andamos, que di o seguinte:

“En cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), sobre a designación do representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do Centro.

En función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente

RESOLVÍN:

Designar como representante do concello de Vedra para formar parte dos Consellos Escolares do CPI de Vedra e do CEIP de Ortigueira, ao concelleiro de Educación don Manuel Costa Carneiro.”

O Pleno dáse por enterado

4.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de xuño do ano que andamos, que di o seguinte:

“En cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), sobre a designación do representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do Centro

En función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente

RESOLVÍN:

Designar como representante do concello de Vedra para formar parte dos Consellos Escolares do CRA BOQUEIXÓN- VEDRA, ao concelleiro de Educación don Manuel Costa Carneiro.”

O Pleno dáse por enterado

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.